

Acordo do 16 de xullo, de Consello de Goberno, polo que se aproba a Normativa que regula a admisión e matrícula nos estudos de doutoramento para o curso académico 2025/26

PREÁMBULO	2
TÍTULO PRELIMINAR. Disposicións xerais	3
Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación	3
TÍTULO I. Réxime académico	3
CAPÍTULO I. Acceso	3
Artigo 2. Requisitos xerais de acceso aos programas de doutoramento.....	3
CAPÍTULO II. Admisión	4
Sección primeira. Solicitude e documentación	4
Artigo 3. Solicitude de admisión	4
Artigo 4. Requisitos xerais da documentación.....	4
Artigo 5. Documentación para persoas con títulos universitarios españois.....	4
Artigo 6. Documentación para persoas con títulos universitarios de sistemas educativos do espazo europeo de educación superior (EEES).....	5
Artigo 7. Documentación para persoas con títulos universitarios de sistemas educativos alleos ao EEES	6
Sección segunda. Cota de admisión	7
Artigo 8. Reserva de prazas para o estudantado con discapacidade.....	7
Sección terceira. Criterios e proceso de selección	8
Artigo 9. Criterios de admisión	8
Artigo 10. Competencia	8
Artigo 11. Listaxe provisoria	8
Artigo 12. Listaxe definitiva e recursos.....	8
CAPÍTULO III. Matrícula.....	9
Artigo 13. Formalización da matrícula	9
Artigo 14. Matrícula do estudantado que realizou o depósito da tese	9
Artigo 15. Matrícula a tempo completo ou a tempo parcial.....	9
Artigo 16. Documentación necesaria para formalizar a matrícula	9
Artigo 17. Simultaneidade da matrícula.....	10
CAPÍTULO IV. Prazos	10
Artigo 18. Prazos de admisión e matrícula	10
TÍTULO II. Réxime económico	10
CAPÍTULO I. Prezos públicos	10

Artigo 19. Pagamento de prezos públicos	10
Artigo 20. Conceptos de pagamento da matrícula.....	10
Artigo 21. Formas de pagamento	11
Artigo 22. Exencións e bonificacións de prezos públicos	12
Artigo 23. Beneficios para persoas con contratos predoutorais	15
Artigo 24. Desistencia por impagamento.....	15
Artigo 25. Anulación de matrícula.....	15
CAPÍTULO II. Seguros	16
Artigo 26. Seguro escolar	16
Artigo 27. Seguro obrigatorio da UDC	16
Artigo 28. Seguro voluntario da UDC	17
Disposición final primeira. Habilitación	17
Disposición final segunda. Entrada en vigor.....	17
ANEXO I. Calendario de admisión e matrícula en estudos de doutoramento no curso 2025/26	18
ANEXO II. Países participantes do EEES membros da Unión Europea ou signatarios do acordo sobre o espazo económico europeo.....	20

PREÁMBULO

Esta normativa elabórase ao abeiro do seguinte marco legal:

- Os artigos 34.1 e 36.1 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro.
- O Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzaas oficiais de doutoramento, e as súas modificacións posteriores (reais decretos 534/2013, do 12 de xullo; 43/2015, do 2 de febreiro; 195/2016, do 13 de maio; e 576/2023, do 4 de xullo).
- O Regulamento dos estudos de doutoramento da Universidade da Coruña aprobado polo Consello de Goberno do 01/10/2024.

A través desta norma establécense os criterios, os requisitos de acceso, o procedemento e os prazos que debe seguir o estudantado para solicitar a admisión e formalizar a matrícula nos programas de doutoramento da Universidade da Coruña no curso académico 2025/26.

TÍTULO PRELIMINAR. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Esta normativa ten por obxecto regular o procedemento de admisión e matrícula nos programas oficiais de doutoramento da Universidade da Coruña (UDC).
2. De forma supletoria, aplicarase a calquera outro procedemento de xestión académica, en que a persoa interesada teña a condición de estudante de doutoramento da UDC.

TÍTULO I. Réxime académico

CAPÍTULO I. Acceso

Artigo 2. Requisitos xerais de acceso aos programas de doutoramento

De acordo coa normativa vixente, poderán acceder aos programas oficiais de doutoramento da UDC as persoas que cumpran algunha das seguintes condicións:

- a) Con carácter xeral, será necesario estar en posesión dun título oficial universitario español de grao ou equivalente, e dun título oficial de mestrado universitario ou equivalente, sempre que entre ambos se acrediten un mínimo de 300 créditos ECTS.
- b) Así mesmo, poderá acceder quen se atope nalgún dos seguintes supostos:
 - Estar en posesión de títulos universitarios oficiais españois ou equivalentes e acreditar un mínimo de 300 créditos ECTS entre todos eles, así como un nivel 3 no Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES).
 - Estar en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros pertencentes ao espazo europeo de educación superior (EEES), sen necesidade de homologación, sempre que se acredite un nivel 7 do Marco Europeo de Cualificacións e o título permita acceder a estudos de doutoramento no país de orixe. Esta admisión non suporá, en ningún caso, a homologación do título nin o seu recoñecemento para outros efectos distintos ao acceso ás ensinanzas de doutoramento.
 - Estar en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros alleos ao EEES, sen necesidade de homologación, sempre que a universidade verifique que acredita un nivel formativo equivalente ao dun mestrado universitario oficial español e que permita o acceso a estudos de doutoramento no país onde se expediu. Esta admisión non suporá, en ningún caso, a homologación do título nin o seu recoñecemento para outros efectos distintos ao acceso a ensinanzas de doutoramento.
 - Estar en posesión doutro título de doutora ou doutor.
 - Estar en posesión dun título universitario e ter superado, con avaliación positiva, polo menos dous anos de formación nun programa de formación sanitaria especializada (tras superar a correspondente proba de acceso), conducente á obtención do título oficial nalgunha das especialidades en ciencias da saúde.

CAPÍTULO II. Admisión

Sección primeira. Solicitude e documentación

Artigo 3. Solicitude de admisión

1. Poderán solicitar a admisión nun programa de doutoramento da UDC as persoas que cumpran os requisitos de acceso que se establecen nesta normativa.
2. A solicitude deberá presentarse nos prazos establecidos no calendario de admisión e matrícula en estudos de doutoramento (anexo I), a través da Secretaría Virtual da UDC. Xunto coa solicitude, será necesario achegar á administración da facultade/escola/Unidade de Xestión Académica Integrada (UXAI) responsable da xestión do programa, a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso.
3. A falsidade ou omisión nos datos achegados relativos á titulación ou ao expediente académico, que poida inducir a unha valoración incorrecta, poderá dar lugar á anulación da matrícula.

Artigo 4. Requisitos xerais da documentación

1. As persoas que soliciten a admisión nun programa de doutoramento deberán presentar a documentación dirixida á persoa coordinadora do programa de doutoramento correspondente. Esta documentación debe cumprir os seguintes requisitos xerais:
 - a) Deben ser documentos oficiais e estar expedidos polas autoridades competentes.
 - b) Se a documentación está redactada nun idioma distinto ao galego ou castelán, deberá acompañarse dunha tradución oficial que realice unha persoa profesional da tradución xurada española ou autorizada no país de orixe polo Consulado Español.
 - c) Non será necesaria a tradución oficial se os documentos están redactados en lingua inglesa, francesa, portuguesa ou italiana. Nestes casos será suficiente cunha tradución realizada pola persoa interesada. En caso de discrepancia, prevalecerá a tradución realizada pola UDC.
 - d) Cando se presente documentación traducida, deberanse presentar copias:
 - dos documentos orixinais sen traducir (sen o selo da persoa tradutora),
 - e das traducións oficiais (co selo da persoa tradutora).
2. A Comisión Académica do Programa (CAPD) poderá solicitar documentación adicional, de acordo cos criterios de admisión do programa.

Artigo 5. Documentación para persoas con títulos universitarios españois

1. As persoas solicitantes con títulos universitarios españois deberán presentar:
 - a) Copia do DNI ou pasaporte en vigor.
 - b) Copia cotexada do(s) título(s) universitario(s) oficial(is) que dan acceso aos estudos

de doutoramento.

c) Certificación académica oficial dos estudos cursados.

d) No caso de formación sanitaria especializada, certificación emitida polo órgano competente que acredite unha avaliación positiva de, polo menos, dous anos, nun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en ciencias da saúde.

e) Documentación que xustifique o cumprimento dos requisitos específicos de admisión establecidos para o programa de doutoramento ao que se solicita acceso.

f) Documentación xustificativa dos méritos alegados, de acordo cos criterios de admisión fixados no programa.

2. Todos os documentos deberán presentarse como copias cotexadas, para o que será necesario entregar os orixinais xunto coas copias, ou ben achegar copias compulsadas por unha autoridade competente en España. A compulsa non será necesaria no caso de documentos electrónicos en que se poida verificar a súa integridade e autenticidade.

Artigo 6. Documentación para persoas con títulos universitarios de sistemas educativos do espazo europeo de educación superior (EEES)

1. As persoas solicitantes con títulos expedidos no ámbito do EEES deberán presentar:

a) Copia do DNI ou pasaporte en vigor.

b) Título(s) oficial(is) que dan acceso ao doutoramento.

c) Certificacións académicas oficiais ou Suplemento Europeo ao Título (SET), que acrediten un nivel 7 do Marco Europeo de Cualificacións.

d) Acreditación de que o(s) título(s) permite(n) o acceso a estudos de doutoramento no seu país de expedición.

e) As persoas solicitantes con títulos que non sexan do sistema universitario español, deberán presentar ademais unha declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros.

f) Calquera outra documentación específica que a CAPD poida requirir.

2. Todos os documentos deberán presentarse como copias cotexadas, xunto cos orixinais, ou mediante copias compulsadas polas embaixadas ou consulados de España no país de expedición, ou pola universidade que expida o título. A compulsa non será necesaria no caso de documentos electrónicos en que se poida verificar a súa integridade e autenticidade.

3. No caso de non presentar a documentación requirida ou de non facelo na forma esixida, concederáse un prazo de 10 días hábiles para a súa emenda. Se transcorrido o dito prazo, a documentación non é presentada correctamente, anularase a matrícula mediante unha resolución da dirección da Escola Internacional de Doutoramento

(EIDUDC), sen dereito á devolución das taxas e prezos públicos aboados.

4. As persoas con títulos expedidos por países do EEES que non sexan membros da Unión Europea nin asinantes do Acordo do Espazo Económico Europeo deberán presentar a documentación debidamente legalizada (anexo II).

Artigo 7. Documentación para persoas con títulos universitarios de sistemas educativos alleos ao EEES

1. As persoas que posúan títulos expedidos fóra do EEES e que non estean homologados en España, poderán solicitar a admisión ao doutoramento sempre que acrediten a homologación ou equivalencia outorgada polo ministerio con competencias en materia de universidades, ou ben soliciten a equivalencia ou recoñecemento de que a súa titulación permite o acceso aos estudos de doutoramento.

Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo nin o recoñecemento para outros efectos que os de acceso a estas ensinanzas. Tanto a admisión como a matrícula quedarán condicionadas á obtención da equivalencia.

2. A solicitude de equivalencia aos correspondentes títulos españois deberase dirixir a reitora ou o reitor da UDC e presentarse na administración do centro ao que estea adscrito o programa de doutoramento.

A CAPD realizará a valoración da documentación achegada e emitirá un informe sobre a adecuación académica dos estudos cursados. Este informe avaliará se o nivel formativo da persoa solicitante é equivalente ao dun mestrado universitario. O informe, xunto coa documentación presentada, remitirase á Oficina de Doutoramento da EIDUDC.

3. Xunto a solicitude de equivalencia deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI ou pasaporte en vigor.
- b) Título(s) oficial(is) que dan acceso ao doutoramento ou certificación da súa expedición.
- c) Certificado académico en que consten as materias cursadas, a carga horaria de cada unha delas e a duración oficial dos estudos en cursos académicos, semestres ou equivalente. No caso de que a carga horaria se exprese en créditos, deberá incorporarse a equivalencia entre os créditos e as horas lectivas teóricas e/ou prácticas, coa finalidade de establecer o valor académico de cada crédito.
- d) Documento que acredite que o título presentado permite, no país onde foi expedido, o acceso a estudos oficiais de doutoramento.
- e) Xustificante de pagamento da taxa de solicitude de equivalencia de estudos estranxeiros.

4. Todos os documentos que se presenten deberán ser oficiais, estar emitidos polas autoridades competentes e legalizados conforme ao ordenamento xurídico do país de orixe. A legalización realizarase segundo o seguinte:

– Para países asinantes do Convenio da Haia (05/10/1961), será suficiente coa apostila oficial emitida polas autoridades do país.

– Para o resto de países, a legalización deberá facerse por vía diplomática, a través da embaixada ou consulado de España, no país que expedise o título.

5. A documentación presentarse en formato orixinal legalizado ou como copia compulsada dese orixinal. A compulsas non será necesaria no caso de documentos electrónicos en que se poida verificar a súa integridade e autenticidade.

No caso de compulsas realizadas no estranxeiro, deberán efectuarse na embaixada ou consulado de España do país onde se expidiu o título.

6. De acordo co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), se no momento de facer a matrícula a persoa interesada non pode entregar a documentación requirida debidamente legalizada ou apostilada, poderá presentar unha copia simple do documento xunto coa copia da solicitude para a súa legalización ou apostila.

7. Se antes de finalizar o primeiro cuadrimestre (para matrículas realizadas no 1.º prazo) ou o segundo cuadrimestre (para matrículas realizadas no 2.º prazo), a persoa interesada non presenta a documentación requirida ou esta non está legalizada ou apostilada, a matrícula será anulada por resolución da dirección da Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC), e non se devolverán as taxas ou prezos públicos que se aboaron.

8. A resolución desestimatoria da declaración de nivel de formación equivalente aos títulos universitarios españois para o ingreso nun programa de doutoramento, suporá a anulación de todos os actos que se derivan da admisión e da matrícula.

Contra a resolución que desestime a declaración de equivalencia poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición, ante a reitora ou o reitor, de acordo co que establecen os artigos 123 e 124 da LPACAP.

Sección segunda. Cota de admisión

Artigo 8. Reserva de prazas para o estudantado con discapacidade

1. Resérvase un 5 % das prazas ofertadas para aquelas persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, así como para aquel estudantado con necesidades educativas especiais permanentes derivadas de circunstancias persoais de discapacidade. Esta reserva aplicarase sempre que, nos estudos previos, fosen necesarios recursos e apoios específicos para a súa plena normalización educativa.

Para acceder a esta reserva, a persoa solicitante deberá presentar, no momento da inscrición, un certificado oficial que recoñeza o seu grao de discapacidade, emitido polo órgano competente da súa comunidade autónoma.

2. As prazas obxecto desta reserva que non se cubran acumularanse á oferta xeral para o mesmo curso académico.

Sección terceira. Criterios e proceso de selección

Artigo 9. Criterios de admisión

Para ser admitida nun programa de doutoramento, a persoa solicitante deberá cumprir os requisitos xerais de acceso establecidos. Ademais, deberá cumprir os requisitos e criterios adicionais que, se fose o caso, determine o propio programa e que consten na súa memoria de verificación.

Artigo 10. Competencia

A CAPD será a responsable de valorar as solicitudes e facer a selección, aplicando os criterios que se establecesen na memoria de verificación do programa, así como calquera outro criterio que a propia CAPD aprobe. En todo caso, garantirase o respecto aos principios de igualdade, non-discriminación, mérito e capacidade.

Artigo 11. Listaxe provisoria

1. A CAPD publicará unha listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas, en que indicará os motivos de exclusión. De ser o caso, tamén elaborará unha listaxe de agarda.
2. No caso de solicitudes procedentes de sistemas educativos estranxeiros pendentes da resolución de equivalencia que permita o acceso, esta circunstancia deberá figurar na proposta de persoas admitidas no programa. A súa admisión estará condicionada a unha resolución favorable.
3. As persoas interesadas poderán presentar reclamacións contra a listaxe provisoria dentro dos prazos establecidos no anexo I, dirixidas a persoa coordinadora do programa.

Artigo 12. Listaxe definitiva e recursos

1. Unha vez resoltas as reclamacións, publicarase a listaxe definitiva de persoas admitidas para o curso académico 2025/26.
Contra o acordo da CAPD poderase interpoñer un recurso de alzada ante a reitora ou o reitor, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 da LPACAP.
2. Se a CAPD considera que a persoa solicitante non ten a formación previa completa esixida no programa, poderá condicionar a súa admisión á superación de complementos de formación específicos. Estes complementos, establecidos na memoria de verificación, terán un máximo de 15 créditos ECTS e teranse que superar no prazo máximo dun curso académico.
3. Tras publicar as listaxes definitivas, as administracións de facultades/escolas/UXAI dos centros responsables, xunto coa persoa coordinadora do programa, introducirán os datos de admisión na aplicación informática correspondente. Así mesmo, remitirán

á Oficina de Doutoramento da EIDUDC a listaxe definitiva de persoas admitidas, xunto coa documentación presentada polo estudantado.

CAPITULO III. Matrícula

Artigo 13. Formalización da matrícula

1. O estudantado poderá formalizar a súa matrícula por internet, a través da Secretaría Virtual do Estudiante, dentro dos prazos establecidos no anexo I. Alternativamente, poderá facelo de maneira presencial na Oficina de Doutoramento da EIDUDC (Casa do Estudiantado, campus de Elviña), aboando, neste caso, a taxa que corresponda pola xestión administrativa.

2. O estudantado de novo ingreso admitido pola CAPD deberá matricularse de tutela académica e, de ser o caso, dos complementos de formación e/ou actividades formativas propias do programa de doutoramento acordados, pola CAPD, durante o proceso de admisión, a través da Secretaría Virtual.

Se non formaliza a matrícula no prazo establecido, entenderase que renuncia á súa praza e esta será ofertada ás persoas que figuren na listaxe de agarda.

A matrícula será considerada definitiva unha vez verificado que se cumpren os requisitos de acceso e a autenticidade da documentación presentada polo/a estudante.

3. O estudantado de continuidade deberase matricularse en cada curso académico, de forma ininterrompida, desde a primeira matrícula nos estudos de doutoramento até a defensa da tese. A non-formalización da matrícula nun curso implicará a baixa no programa de doutoramento.

Artigo 14. Matrícula do estudantado que realizou o depósito da tese

O estudantado que iniciara o proceso de depósito da tese, e non realice a defensa antes do comezo do prazo de matrícula (01/10/2025), deberá formalizar a matrícula no curso 2025/26 para poder realizar a defensa da súa tese neste curso.

Artigo 15. Matrícula a tempo completo ou a tempo parcial

1. A matrícula poderá realizarse en réxime de tempo completo ou tempo parcial. Para poder acceder á modalidade a tempo parcial, será preciso contar coa autorización previa da CAPD, que deberá solicitarse en cada curso académico.

2. Contra a resolución denegatoria da matrícula a tempo parcial, poderá interpoñerse un recurso de alzada ante a reitora ou o reitor, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 da LPACAP.

Artigo 16. Documentación necesaria para formalizar a matrícula

O estudantado deberá entregar na Oficina de Doutoramento, no prazo de 10 días hábiles desde a formalización da matrícula, a seguinte documentación:

- a) A autorización para a domiciliación bancaria, no caso de domiciliar o pagamento e a persoa que se matricula non sexa a titular da conta.
- b) O xustificante de exención ou redución de prezos públicos de matrícula, de ser o caso.
- c) O xustificante de ser persoa beneficiaria dunha bolsa, de ser o caso.

Artigo 17. Simultaneidade da matrícula

1. Permitirase a simultaneidade da matrícula nun programa de doutoramento con outros estudos universitarios oficiais (grao ou mestrado universitario), ata un máximo total de 90 créditos ECTS. Para estes efectos, considerarase que a matrícula nun programa de doutoramento a tempo completo equivale a 60 créditos ECTS, mentres que a matrícula a tempo parcial equivale a 30 créditos ECTS.

2. Non se permitirá a matrícula simultánea en dous programas de doutoramento, agás no caso de teses en réxime de cotutela internacional.

CAPÍTULO IV. Prazos

Artigo 18. Prazos de admisión e matrícula

Os prazos para solicitar a admisión nun programa de doutoramento, así como os prazos de matrícula, serán os establecidos no calendario oficial de estudos de doutoramento, aprobado polo Consello de Goberno da UDC (anexo I).

TÍTULO II. Réxime económico

CAPÍTULO I. Prezos públicos

Artigo 19. Pagamento de prezos públicos

O estudantado que formalice a súa matrícula nun programa de doutoramento da UDC deberá aboar os prezos públicos que correspondan polos servizos académicos e administrativos, segundo o que estableza o decreto da Xunta de Galicia polo que se fixen os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do sistema universitario de Galicia para o curso académico 2025/26 (a partir de agora, decreto da Xunta de Galicia).

Artigo 20. Conceptos de pagamento da matrícula

1. Durante o período de elaboración, presentación e defensa da tese de doutoramento, o estudantado deberá aboar os seguintes conceptos:

- A taxa por titoría anual de doutoramento.
- O custo da tarxeta universitaria.
- O seguro escolar, só no caso de ter menos de 28 anos.
- Ademais, se é a primeira vez que se incorpora ao programa, tamén deberá aboar a taxa de apertura de expediente.

2. Se se produce un atraso no pagamento dalgún destes conceptos, aplicarase unha recarga de 30 € en concepto de gastos de xestión e tramitación.
3. A posibilidade de reactivar unha matrícula suspendida por falta de pagamento xestionarase conforme ao artigo 9 da Resolución do 27/04/2012
4. A matrícula na etapa de tese dá dereito á tutela académica e a utilización dos recursos necesarios para desenvolver o traballo de doutoramento.

Artigo 21. Formas de pagamento

1. O estudiantado poderá aboar os prezos públicos da matrícula —incluídos os correspondentes á apertura de expediente, expedición e mantemento da tarxeta universitaria, seguros, taxa de tramitación e recargas, se é o caso— a través de calquera das seguintes modalidades:

- a) Domiciliación bancaria.
- b) Pagamento en efectivo ou con tarxeta.
- c) Pagamento mediante factura, no caso de que unha empresa, institución ou profesional se faga cargo da matrícula.

2. Pagamento por domiciliación bancaria.

Se se elixe esta modalidade, e a persoa matriculada non é titular da conta bancaria, deberá entregar na Oficina de Doutoramento da EIDUDC a autorización asinada da domiciliación. Este documento debe presentarse no prazo de 10 días hábiles desde a realización da matrícula.

Non se admitirán domiciliacións para o pagamento dos prezos públicos de matrícula despois do 01/12/2025.

3. Pagamento dos complementos de formación

Os créditos dos complementos de formación específicos terán, para os efectos de prezos públicos, a consideración de créditos a nivel de doutoramento.

O estudiantado que teña que matricularse nestes complementos de formación poderá escoller entre:

- a) Pagamento único: debe realizarse nos 10 días naturais seguintes á matrícula.
- b) Pagamento fraccionado, só dispoñible para pagamentos en efectivo, distribuído en catro prazos:
 - 1.º prazo (40 %): dentro dos 10 días naturais posteriores á matrícula.
 - 2.º prazo (30 %): do 11 ao 20 de novembro de 2024, ambos incluídos.
 - 3.º prazo (20 %): do 13 ao 22 de xaneiro de 2025, ambos incluídos.
 - 4.º prazo (10 %): do 3 ao 12 de marzo de 2025, ambos incluídos.

4. Pagamento da taxa de titoría anual

Esta taxa debe aboarse íntegra nun único prazo.

Se a matrícula se formaliza nun programa de doutoramento por primeira vez no prazo extraordinario (2.º prazo do Anexo I), o importe a aboar será do 50 % da tarifa correspondente.

5. Pagamento mediante factura

A opción do pagamento por factura implicará o pagamento íntegro da matrícula. O estudantado deberá seleccionar esta opción no momento de realizar a súa matrícula e cubrir o impreso de emisión de factura, que deberá solicitar e presentar na Oficina de Doutoramento.

Neste caso, o pagamento poderá adiarse ata que se emita a factura e só se aboarán os conceptos especificados na folla de liquidación.

Artigo 22. Exencións e bonificacións de prezos públicos

1. As situacións que dan lugar á exención ou bonificación no pagamento dos prezos públicos establecidos no decreto da Xunta de Galicia deberán acreditarse no prazo máximo de 10 días hábiles que contarán a partir do día seguinte á formalización da matrícula.

A condición que xustifique a exención ou bonificación deberá estar vixente durante o período de matrícula e acreditarse dentro do prazo sinalado.

2. Familias numerosas

a) As persoas membros de familias numerosas de categoría xeral terán unha bonificación dun 50 % nos prezos públicos do decreto da Xunta de Galicia.

b) As persoas que pertencen a familias numerosas de categoría especial estarán exentas do pagamento destes prezos.

Esta situación deberá acreditarse mediante documento oficial expedido pola administración autonómica competente, que deberá estar en vigor durante o prazo de matrícula, ou, de ser o caso, por calquera medio de proba admisible en dereito mediante unha copia simple. No caso de que haxa dúbidas sobre a calidade da copia ou se o documento é especialmente relevante, poderase solicitar o orixinal.

Se no prazo indicado no apartado 1 deste artigo o título de familia numerosa estivese en tramitación, poderanse aplicar igualmente os ditos beneficios se se entrega na Oficina de Doutoramento:

- Un xustificante de que se solicitou o recoñecemento ou renovación da condición de familia numerosa.
- Unha declaración responsable que indique a categoría (xeral ou especial) en que a familia queda clasificada.

O estudantado con idades comprendidas entre os 21 e os 25 anos que necesite presentar o xustificante de matrícula para obter ou renovar o título de familia numerosa, deberá, ademais, entregar unha declaración responsable que explique esta circunstancia, dentro do prazo indicado no apartado 1 deste artigo.

Se antes do 31/12/2025 non se entrega a documentación que acredite finalmente a condición de familia numerosa, anularanse automaticamente os beneficios concedidos e será necesario aboar o importe correspondente da matrícula.

Se o título definitivo recoñecido ten unha categoría inferior á que se declarara inicialmente, deberá aboarse a diferenza que corresponda.

3. Persoal empregado público da UDC

As persoas con dereito á matrícula gratuíta segundo a normativa da UDC estarán exentas do pagamento dos prezos públicos da tarifa 1.^a do decreto da Xunta de Galicia.

Esta situación deberá acreditarse mediante a documentación que establece a normativa vixente da UDC, ou, de ser o caso, por calquera medio de proba admisible en dereito mediante unha copia simple. No caso de que haxa dúbidas sobre a calidade da copia ou se o documento é especialmente relevante, poderase solicitar o orixinal.

4. Vítimas de actos terroristas

Estarán exentas de todo tipo de taxas e prezos públicos do decreto da Xunta de Galicia, as persoas que teñan a condición de vítima de actos terroristas, así como as súas parellas cónxuxes e fillos(as).

Esta situación acreditarase mediante o informe preceptivo do Ministerio do Interior, o recoñecemento por parte da Administración xeral do Estado dunha pensión extraordinaria por acto de terrorismo, por sentenza xudicial firme ou, de ser o caso, por calquera medio de proba admisible en dereito.

5. Persoas con discapacidade

As persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % estarán exentas do pagamento dos prezos públicos do decreto da Xunta de Galicia.

Esta situación acreditarase, dentro do prazo indicado no apartado 1 deste artigo, mediante resolución expresa de recoñecemento da condición de discapacidade emitida pola Xunta de Galicia, ou, de ser o caso, por calquera medio de proba admisible en dereito mediante unha copia simple. No caso de que haxa dúbidas sobre a calidade da copia ou se o documento é especialmente relevante, poderase solicitar o orixinal.

Se a persoa solicitou ao organismo competente a valoración do grao de discapacidade, con anterioridade ao inicio do prazo de matrícula, poderanse aplicar igualmente os ditos beneficios se se entrega na Oficina de Doutoramento:

- Un xustificante de que se solicitou a valoración do grao de discapacidade.
- Unha declaración responsable de que comunicou a urxencia da tramitación ao organismo competente.

Se antes do 31/12/2025 non se acredita o recoñecemento da condición de discapacidade, a UDC poderá esixir o pagamento dos prezos como medida cautelar,

sen prexuízo de que a persoa interesada poida solicitar posteriormente a devolución, unha vez presentada a acreditación.

6. Vítimas de violencia de xénero

As persoas que teñan esta condición, segundo o que establece a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, estarán exentas do pagamento dos prezos das tarifas 1.^a e 2.^a do anexo do decreto da Xunta de Galicia, e deberán aboar unicamente os da tarifa 3.^a. Esta exención estenderase ás fillas e fillos menores de idade baixo a súa tutela e garda. As e os menores seguirán gozando da exención mesmo despois de alcanzar a maioría de idade, sempre que persista a situación de tutela ou garda.

A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase no momento de formalizar a matrícula por calquera dos seguintes medios:

- a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a persoa sufriu violencia de xénero.
- c) Certificación dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- d) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- f) Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- g) Calquera outro medio que se estableza regulamentariamente.

Unha vez que se recoñeza a exención, esta manterase durante o período ordinario de realización destes estudos.

7. Persoas beneficiarias do ingreso mínimo vital

Estarán exentas do pagamento dos prezos públicos do decreto da Xunta de Galicia as persoas beneficiarias desta prestación, que deberán aboar unicamente os prezos da tarifa 3.^a.

Esta situación acreditarase mediante a resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social, segundo o disposto no artigo 28.3 da Lei 19/2021, do 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital.

8. As exencións e bonificacións que se recollen neste artigo aplícanse aos prezos públicos por servizos académicos e administrativos do decreto da Xunta de Galicia. Non se aplican a seguros ou outros conceptos obrigatorios alleos ao decreto e que o estudantado debe aboar igualmente.

Artigo 23. Beneficios para persoas con contratos predoutorais

1. O estudantado que sexa beneficiario dunha axuda para contratos predoutorais terá dereito á exención do pagamento da taxa de titoría anual, sempre que a convocatoria da axuda recoñeza expresamente o dereito á matrícula gratuíta, considere a compensación do importe da matrícula á UDC e a persoa interesada presente o xustificante de concesión da axuda no momento de formalizar a matrícula.
2. No suposto de que a persoa sexa beneficiaria dunha axuda distinta á que se refire o apartado anterior, poderá acceder á exención de prezos públicos, sempre que a normativa da convocatoria alegada recoñeza expresamente o dereito á exención e estableza a compensación á UDC polos importes da matrícula.
3. En todos os casos, calquera exención ou bonificación deberá ser acreditada no momento de formalizar a matrícula.

Artigo 24. Desistencia por impagamento

1. Considerarase que a persoa desiste da súa solicitude de matrícula, se no prazo de 10 días naturais seguintes a formalizar a matrícula:
 - a) Non realiza o pagamento completo ou o 1.º prazo dentro dos prazos establecidos no artigo 20.
 - b) Non entrega os documentos que acrediten o dereito de exención ou bonificación.
 - c) Non entrega a autorización da domiciliación bancaria (no caso de que o estudantado non conste como titular da conta) ou outra documentación que lle solicite a Oficina de Doutoramento.
 - d) Non atenda aos requirimentos da administración do seu centro ou da Oficina de Doutoramento.
2. No caso de efectuar o pagamento do 1.º prazo, pero non os seguintes (2.º, 3.º ou 4.º), a Oficina de Doutoramento seguirá o procedemento establecido no artigo 5 da Resolución reitoral do 27/04/2012, mediante a que se aproba o procedemento para a recadación de impagados por prezos públicos de matrícula (a partir de agora, Resolución do 27/04/2012).

Artigo 25. Anulación de matrícula

1. A anulación de matrícula supón a baixa definitiva no programa de doutoramento en que o estudantado se matriculou durante o curso académico vixente.
2. O alumnado poderá solicitar a anulación ou modificación da matrícula de acordo co seguinte:
 - a) Solicitude voluntaria de anulación de matrícula efectuada dentro de prazo:
 - A solicitude deberase presentar antes do 30/11/2025 para poder ser estimada.
 - Se se acepta a solicitude, poderase devolver, de ser o caso, o importe dos prezos públicos aboados correspondentes á tarifa 1.ª do decreto da Xunta de Galicia.

- En ningún caso se devolverán as contías correspondentes á apertura do expediente académico nin ao seguro escolar.
- Se a persoa solicitante é beneficiaria dunha axuda ou bolsa, deberá presentar tamén o xustificante de renuncia a esta.

b) Solicitude de anulación fóra de prazo por causa de forza maior:

As solicitudes presentadas fóra de prazo só poderán ser estimadas se existe unha causa de forza maior sobrevida, é dicir, que xurdiu despois de formalizar a matrícula.

3. Procedemento para anular a matrícula:

A solicitude de anulación deberá presentarse acompañada da documentación xustificativa da causa alegada e poderá facerse:

- a través do Rexistro Electrónico da Universidade,
- presencialmente, na oficina de rexistro da Oficina de Doutoramento, no Rexistro Xeral da UDC, ou no Rexistro Auxiliar de Ferrol.
- ou, por calquera outro medio autorizado pola lexislación vixente.

A Oficina de Doutoramento será a encargada de resolver e notificar a decisión á persoa interesada e enviará tamén unha copia ás administracións das facultades, escolas ou unidades responsables do seguimento do programa.

CAPÍTULO II. Seguros

Artigo 26. Seguro escolar

O pagamento do seguro escolar será obrigatorio para o estudantado menor de 28 que formalice a súa matrícula e cumpra algunha das seguintes condicións:

- a) estudantado de nacionalidade española,
- b) estudantado nacional dun estado membro do EEES,
- c) e estudantado estranxeiro residente en España.

Artigo 27. Seguro obrigatorio da UDC

1. Deberán subscribir o seguro obrigatorio contratado pola UDC, segundo se indica no proceso de matrícula:

- a) estudantado maior de 28 anos,
- b) estudantado estranxeiro non residente en España,
- c) e estudantado entrante de programas de mobilidade internacional.

2. O alumnado que participe en programas que xa inclúan un seguro con coberturas mínimas obrigatorias non terán que contratar este seguro adicional.

Artigo 28. Seguro voluntario da UDC

1. O estudantado que se indica no artigo 25 poderá subscribir, de forma voluntaria, un seguro complementario coas mesmas condicións e coberturas que o seguro obrigatorio.
2. En todo caso, será obrigatorio contratar unha póliza de seguro nos estudos que así o exixan, segundo a normativa específica aplicable.

Disposición final primeira. Habilitación

Habilítase a vicerreitoría con competencias en materia de investigación para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrución que sexan oportunas, que deberán ser publicadas no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC, nos taboleiros de anuncios dos centros universitarios, na páxina web da UDC e naqueles outros lugares ou medios que se consideren oportunos.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad

ANEXO I. Calendario de admisión e matrícula en estudos de doutoramento no curso 2025/26

(Aprobado no Consello de Goberno do 28/05/2025)

Período lectivo nos estudos de doutoramento

Para os trámites relacionados coa defensa da tese consideraranse non lectivos os seguintes días:

- os días festivos oficiais do Estado, da comunidade autónoma de Galicia e das cidades onde están os centros;
- o mes de agosto completo;
- do 22/12/2025 ao 06/01/2026 (ambos incluídos);
- os días 16 e 17 de febreiro de 2026;
- do 30 de marzo ao 6 de abril de 2026 (ambos incluídos);
- e o 30/01/2026 (día da Universidade)

Período de matrícula para o estudantado de continuación de estudos

- Do 1 ao 13 de outubro de 2025 (ambos incluídos)

Períodos de admisión e matrícula para o estudantado de novo ingreso

1.º PRAZO ORDINARIO	
01-10 de setembro de 2025	Solicitud de admisión ⁽¹⁾
19 de setembro de 2025	Publicación da listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas.
22-25 de setembro de 2025	Reclamación á listaxe provisoria.
30 de setembro de 2025	Publicación da listaxe definitiva de estudantado admitido e excluído e comunicación á Oficina de Doutoramento.
01-13 de outubro de 2025	Matrícula.
2.º PRAZO ORDINARIO	
02-06 de febreiro de 2026	Solicitud de admisión ⁽²⁾ (<u>só para programas con prazas vacantes</u>)
13 de febreiro de 2026	Publicación da listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas.
18-20 de febreiro 2026	Reclamación á listaxe provisoria.
24 de febreiro de 2026	Publicación da listaxe definitiva de estudantado admitido e excluído e comunicación á Oficina de Doutoramento.
25-27 de febreiro de 2026	Matrícula.

Admisión, renovación e matrícula

Todos os trámites se realizarán a través da Secretaría Virtual nas seguintes ligazóns:

- Estudantado da UDC: <https://matricula.udc.es/Secretaria/Login.asp>
- Estudantado externo á UDC: <https://matricula.udc.es/LoginX/Login.asp>

Solicitudes de admisión e reclamacións

As solicitudes de admisión e as reclamacións deberán presentarse na “Comisión Académica do Programa de Doutoramento”, achegando a documentación requirida na administración do centro.

Estudantado pendente da defensa do traballo de fin de mestrado (TFM)

O estudantado que teña prevista a defensa do TFM nas convocatorias de setembro de 2025⁽¹⁾ ou no primeiro cuadrimestre do curso 2025/26⁽²⁾ poderá solicitar a admisión nun programa sempre que:

- entregue a certificación de que vai defender ou xa defendeu o TFM;
- e entregue a certificación de ter superado o TFM durante o “prazo de reclamación á listaxe provisoria”.

Publicación das listaxes

As listaxes provisoria e definitiva de persoas admitidas e excluídas publicaranse no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web do centro ou do programa de doutoramento.

Entrega de documentación e matrícula

A matrícula farase a través da “Secretaría Virtual do/a Estudiante” e a documentación requirida deberá entregarse na Sección de Estudos de Doutoramento (Casa do Estudantado, campus de Elviña).

ANEXO II. Países participantes do EEES membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo do Espazo Económico Europeo

ALEMAÑA	ESLOVENIA	IRLANDA	MALTA	ROMANÍA
AUSTRIA	ESPAÑA	ISLANDIA	NORUEGA	SUECIA
BÉLXICA	ESTONIA	ITALIA	PAÍSES BAIXOS	SUÍZA (Por acordo bilateral coa UE)
BULGARIA	FINLANDIA	LETONIA	POLONIA	
CHIPRE	FRANCIA	LIECHTENSTEIN	PORTUGAL	
CROACIA	GRECIA	LITUANIA	REPÚBLICA CHECA	
DINAMARCA	HUNGRÍA	LUXEMBURGO	REPÚBLICA ESLOVACA	

Notas:

- Para os títulos e documentos procedentes destes países non será necesaria a legalización.
- Para os títulos e documentos de países que non estean nesta relación será preciso presentalos debidamente legalizados.